

## CESTEIRO

### 1. DATOS BÁSICOS SOBRE O OFICIO

#### 1. Nomenclatura do oficio

Cesteiro

#### 2. Outras denominacións

Non se contemplan

#### 3. Outras ocupacións do sector

Estereiro, silleiro enea, redeiro, cordeleiro, alpargateiro

#### 4. Área ou sector ao que pertence

Fibras vexetais

#### 5. Adscrición á clasificación CNAE

16.29 Fabricación de outros produtos de madeira; artigos de cortiza, cestería e espartería.

#### 6. Descrición sintética do oficio artesán

Os cesteiros son os artesáns que se adican a realizar cestas de diferentes tipos e tamaños e tecidos de pezas grandes para outros usos.

#### 7. Principais funcións que desenvolve

- ◆ Selección da madeira ou vimbios a utilizar.
- ◆ Limpeza da casca das polas de madeira ou vimbios.
- ◆ Preparación das vergas.
- ◆ Conformación da estrutura dos cestos.
- ◆ Tecido dos cestos e elaboración de tecidos.
- ◆ Rematado dos cestos/tecidos e tintura.

## 2. DATOS SOBRE O PROCESO PRODUTIVO DA ACTIVIDADE

### 1. Fases do proceso

#### 1. Fase I. Deseño da peza

- ◆ Nesta fase conceptualízanse os aspectos estéticos, técnicos e funcionais do produto a crear, baseándose no coñecemento das tendencias do mercado, así como das técnicas do proceso produtivo, a través da realización do bosquejo da peza. A partir do bosquejo, débúxase un plano a escala do obxecto.
- ◆ Os útiles e equipamentos utilizados son: materiais propios de debuxo e deseño (lápicos, pinceis, cartóns, pinturas).
- ◆ Postos de traballo que se asocian: deseñador, debuxante/delineante.

#### 2. Fase II. Preparación da materia prima

- ◆ O primeiro paso consiste na selección do material a utilizar, vimbios e outro tipo de madeiras. En canto á obtención da madeira, vimbios, soen utilizarse polas noviñas de carballo ou doutras madeiras coma castiñeiro, salgueiro, cerdeira,... que sexan dereitas e sen nós. No caso dos vimbios tamén se poden usar de varias castes, con ou sen tona.
- ◆ Limpeza da casca, é o seguinte paso -no caso de facer os cestos con vimbios sen casca-, quéntanse as varas a utilizar para poder sacarlle a casca.
- ◆ Fendido. Despois de limpa a cortiza, co coitelo ou podón féndense ao longo, seguindo a dirección das vetas da madeira.
- ◆ Desbastado. Co burro no peito vaise desbastando as vergas pulíndolle a superficie e igualándolle o groso. Ao rematar un lado dásele a volta e faise o mesmo proceso polo outro lado.
- ◆ Selección das vergas. Tralo desbastamento xúntanse as vergas que serán as que compoñan a estrutura do tecido ou cesto. O ancho e groso das vergas debe ser o mesmo para facilitar o enxergado das mesmas, de cara a facer un tecido ou cesto.
- ◆ Os útiles e equipamentos utilizados son: Fouciños, coitelos, coitelas, tranchete, refinadora.
- ◆ Postos de traballo que se asocian: preparador de materia prima, auxiliar de preparador de materia prima.

#### 3. Fase III. Conformación da peza

- ◆ Co fin de darlle maior manexabilidade ao material métese en auga durante catro ou cinco

horas.

- ◆ Urdimento. Para facer un cesto colócanse as vergas unhas ao carón doutras coa dimensión do cesto e a continuación crúzanse con outras tantas, entrelazándoas, co cal se fai o fondo do cesto. Logo suxeitase o mesmo ao chan cos ferros, ou con cravos a un soporte e logo doméanse as vergas poñéndoas en posición vertical para escomenzar a parede do cesto.
- ◆ Tapamento. Cóllense máis vergas e vanse entrelazando coas verticais dando voltas ao redor para ir facendo a estrutura do cesto. Cando se levan un par de voltas, retíranse os ferros que anclaban o cesto ao chan ou soporte e aprétanse as vergas cara o cu do cesto.
- ◆ Tecido das vergas. Séguese tecendo con novas vergas coidando de escollelas do mesmo ancho para que a labor saia ben regular. Ao chegar á altura precisa recórtanse as vergas verticais, do xeito que non sobresaia ningunha.
- ◆ Os útiles ou equipamentos utilizados son: martelo, punzóns, agullas, tesoiras, coitelas, coitelos, serra, pistola.
- ◆ Postos de traballo que se asocian: trenzador, auxiliar de trenzador.


#### **4. Fase IV. Rematado, decorado e acabado da peza.**

- ◆ A continuación expóñense as operacións máis comúns para realizar o acabado dos cestos, cestas,....
- ◆ Buratos para remate. Unha vez recortadas as vergas sobresaíntes, cóllese o ferro plano, métese no lume e fanse uns buracos cando está ao roxo vivo, na parte superior das vergas, preto do remate.
- ◆ Facer a boca. Féndese á metade unha vara delgada de carballo. Unha parte aplícase ao remate das vergas polo lado de fóra e a outra polo lado de dentro (vincos), de xeito que as partes planas queden en contacto co cesto. Logo cóllese unha verga delgada e estreita (vinca) e vanse envolvendo a estes paus, pasándoa polos buracos que fixemos co ferro.
- ◆ Rematado do cesto e feitura da asa. Co proceso anterior remátase o cesto e se se quere fáiselle asa ou non. A asa faise dunha verga, á que se lle corta en punta os extremos, fúranse co ferro e métese domeando a verga, por entre os aros superiores, facendo cadrar estes buratos cos das vergas e rematándoo como se comentaba con anterioridade.
- ◆ Decorado. A cesta pode decorarse ben vernizándoa, ou pintándoa.
- ◆ Os útiles ou equipamentos utilizados son: coitelas, tesoiras, pinces, esmaltes e vernices, pistola, chinchas, agullas, lixas.
- ◆ Postos de traballo que se asocian: decorador, auxiliar de decorador.

## 5. Fase IV. Control da calidade

- ◆ Neste proceso diferéncianse dous momentos. Primeiro seleccionase o material axeitado para o elemento que queremos realizar, coa finalidade de comprobar o seu estado correcto e apto para a súa utilización. O segundo control efectúase sobre a peza terminada, rematada e decorada co fin de detectar pezas defectuosas tanto na súa configuración, homoxeneidade do trenzado, como acabado, adxudicando finalmente calidades ao produto final. O cesto xa está rematado e revisado para comercializar.
- ◆ Os útiles ou equipamentos utilizados son: instrumentos de verificación e control como calibres.
- ◆ Postos de traballo que se asocian: técnico de calidade.

## 2. Síntese do proceso



## 3. Técnicas utilizadas

Non se recollen técnicas específicas.

## 4. Instrumentos de traballo

### 1. Útiles e ferramentas

- agullas
- burro
- chinchas
- coitelas
- coitelos
- esmaltes e vernices
- ferros

- fouchiños
- lixas
- martelo
- pinceis
- pistola
- punzóns
- refinadora
- serra
- tesoiras
- tranchete

## **2. Equipos e máquinas**

- Non se requiren.

## **5. Contorna de traballo**

### **1. Lugar e espazo de traballo**

O espazo habitual de traballo son os talleres artesáns, se ben tamén pode traballar directamente ao aire libre ou sen ubicación específica.

### **2. Ambiente e condicións de traballo**

O traballo pode darse en condicións atmosféricas de exterior e interior.

## **3. RECURSOS NATURAIS UTILIZADOS**

### **1. Descrición dos recursos. Localización Xeográfica. Proceso de obtención.**

- Madeira. Varas de carballo, salgueiro, castiñeiro, cerdeira, falla, bidueiro, freixo. Empregan para o seu traballo fibras vexetais arbóreas de castiñeiros, carballos, salgueiros, bidueiros, ... todas especies autóctonas, tamén empregan especies arbustivas como o vimbio, xestas, silvas ..., ou colmo (palla de centeo); todos estas variedades de materiais dan lugar a cestas para distintos usos. O buxo, arbusto ou pequena árbore, de crecemento lento, de grande dureza, de grao fino, do que se fan grande variedade de cestos. O vimbio,

a flexibilidade de materiais como o vimbio (branco e negro), permite traballos moi complicados, ademais ó ser un material barato, de crecemento e almacenamento fácil, os tamaños e as formas dos cestos, son múltiples e para todos os usos imaxinables.

#### 4. PRODUTOS FINAIS

##### 1. Principais tipos de produtos que realizan

- Cestas. Diferentes tipos coma cestos da roupa, canastillas, bandexas, panela, cesto carreteiro, moñico, queipo, carabelas, culeiros,...
- Tecidos. Canizos, canizas, grades, cabaceiros,...Pontes, cruceiros,...

#### 5. OBSERVACIÓNS DO OFICIO

Identificábase tradicionalmente que os cestos máis grosos (vergas de carballo ou outra madeira) se usaban nas aldeas, mentres que nas vilas e cidades substituíanse as vergas de madeira polos vimbios, que daban un acabado máis fino. Neste caso último a armadura do cesto faise con vimbios enteiros, usando os fendidos para entrenzar. Para que sexan fácil de domear sóense ter metidos en auga. Rematada a obra adóitanse tinguir con anilina e auga.

Tamén se podían facer tecidos destes materiais para sillóns, sillas, co cal había que facer unha estrutura de madeira que soían facer os cesteiros.

Tamén se realizan grandes tecidos de varas como poden ser os cabaceiros, os canizos, as grades, as canizas dos carros, portas de fincas,... Estas obras soían realizalas os carpinteiros e non os cesteiros, malia que compartan técnicas similares ás dos cesteiros.

Proceso segundo un artesáns da zona:

“A partires dun tronco de carballo ou castiñeira duns 20 anos, e despois dun proceso de secado no forno, o artesán realiza un labor denominado de “poda”, que consiste en fender o tronco en varias pezas anchas e delgadas, que logo leva ó banco de labrar, onde, coa axuda do coitelo de labrar (coitelo ancho cos mangos a dereita e esquerda) remata as pezas dándolles o grosor necesario; estas pezas chámanse “costas” e son as que van a dar forma á cesta. Estas costas sécanse ó sol despois de feitas, pero móllanse cando se comeza a cesta para que sexan máis flexibles e se deixen traballar. Deste xeito elabóranse todo tipo de cestos, para todos os usos e tamaños”.

...

“A materia prima que usa é o vimbio, codeso ou salgueiro,... este último material é moi resistente e máis doado de conseguir. Para realizar o seu traballo emprega:

- O *burro*, peza de madeira para traballar de pé ou sentado.
- A *coitela*, peza de ferro afiada con dous mangos.
- Os *ferros*, para furar os vimbios.
- A *fouce*, o *macico*, as *cuñas* ...

Recupera técnicas antigas de entrecruzado de fibras vexetais flexibles, para fabricar as cestas. Tamén fai culleres, garfos e coitelos de madeira. Os cesteiros axudan tamén a manter o equilibrio dos nosos bosques e das nosas zonas máis húmidas, pois ó empregar moitos materiais arbustivos, manteñen limpo de maleza o solo, evitando a propagación do lumes.

**6. DIAGRAMACIÓN DO PROCESO PRODUTIVO**

